

CONVOCATORIA para a subvención *da Axuda 3 de gastos relacionados coas melloras ás empresas para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do COVID-19, dentro do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid_19 (PAME 3) dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura.*

No marco das *Bases reguladoras para a subvención da Axuda 3 de gastos relacionados coas melloras ás empresas para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do COVID-19, dentro do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covid_19 (PAME 3) dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura* aprobadas polo Concello-Pleno o 29/12/2021 e publicadas no BOP núm. 4 do 7 de xaneiro de 2022.

1.- Créditos presupostarios

A contía destinada a atender a Axuda 3 desta liña única de axuda PAME 3 corresponde ao crédito sobrante da 1ª convocatoria:

- Importe: **386.448,99€**
- Aplicación orzamentaria: **02104-2413-47001 201Cov03**

Son fondos procedentes do cofinanciamento entre a achega municipal (55,56%) e a subvención da Deputación Provincial da Coruña (44,44%) ao abeiro do Convenio de colaboración entre a *Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do Plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local – PEL.*

Tendo en conta que o procedemento se iniciou no exercicio 2021, onde se realizaron as oportunas retencións de créditos nº 221101670 ref. 725 (achega municipal) e nº 221102985, ref. 725 (incremento subv. Deputación) na citada aplicación, que ten o carácter de incorporable, a efectiva dispoñibilidade do crédito necesario para a concesión das axudas subordínase á aprobación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito ou outra modificación que habilite a consignación suficiente, con carácter previo en todo caso á resolución da concesión, que queda sometida por tanto á condición suspensiva da efectiva dotación do crédito necesario para darlle cobertura.

2.- Obxecto e finalidade

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello (BOP núm. 200 de 21/10/2019), polas que se rexerá a convocatoria pública **da Axuda 3 de aboamento de gastos relacionados coas melloras e/ou modificacións ás empresas para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do COVID-19**, dirixida aos sectores da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura durante as anualidades 2020 - 2021

Para este fin establécese:

Liña única: Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol con motivo da crise económica provocada polo Covi 19 (PAME 3)

- **Axuda 3.-** axudas para o aboamento de gastos relacionados coas melloras e ou modificacións das empresas para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do covid19.

Con carácter xeral, considéranse subvencionables os gastos relacionados coa actividade económica da persoa beneficiaria realizados e efectivamente pagados **dende o 01/03/2020 ata o 31/12/2021** referidos a:

- Medidas persoais de protección coma as máscaras, solucións alcohólicas, dispensadores, ...;
- Adquisición de medidores da calidade do aire, especialmente nos locais de hostalería

- Da loxística derivada do incremento do comercio online/aumento de consumicións para levar (como envases, embalaxes, transportes, ...)
- Subministracións: como gas, combustibles e/ou electricidade que tiveron un notable aumento na situación actual.
- Derivados dunha maior presenza no canle de negocio online, como mantemento de páxinas web, mantementos derivados do comercio online, posicionamento en buscadores, xestión de redes sociais”

O importe máximo de subvención por persoa beneficiaria, **para esta axuda 3 será de 1.500€ (IVE excluído)**. A contía estará condicionada ao esgotamento do crédito da convocatoria.

3.- Modalidade de concesión

A través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na convocatoria.

A concesión será tramitada por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes até esgotar o crédito inicial dispoñible. No caso de non presentar unha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada (data e hora) da última presentación relativa á devandita solicitude.

4.- Requisitos para solicitar as subvencións

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a súa actividade estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no **anexo I**.
- b) Que a súa actividade se desenvolva no concello de Ferrol. Para aquelas actividades sen local determinado, deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Ferrol.
- c) Que teña una redución igual ou superior ao 20% da facturación realizada entre o 01 de marzo e o 31 de decembro de 2020 respecto ao mesmo período do ano 2019. No caso de non poder realizar a comparativa anterior terase en conta o período da actividade e xustificarse a través dunha declaración responsable.
- d) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa. A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- e) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social correspondente e en Facenda no momento da presentación da solicitude.
- f) Que sexan titulares dunha actividade económica ou profesional con anterioridade á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020).
- g) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse antes da resolución de concesión da subvención.
- h) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Ferrol. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse antes da resolución de concesión da subvención.
- i) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Ferrol, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

j) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterà as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderán ser de tal contía que, illadamente o en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total dos gastos subvencionados.

5.- Órganos competentes para a instrucción e resolución do procedemento

O órgano competente para a instrucción do procedemento será o Negociado de Promoción Económica e Emprego.

O órgano competente para a resolución do procedemento será a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.

6.- Prazo de presentación de solicitudes

Presentación:	As solicitudes deberán dirixirse ao Negociado de Promoción Económica e Emprego e deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: – https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/
Prazo:	20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.- Prazo de resolución e notificación

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.

Dispoñeráse dun prazo máximo de seis meses a contar a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes para resolver e notificar o acordo.

8.- Documentación a presentar coa solicitude

As solicitudes deberán formularse nos **MODELOS NORMALIZADOS** para a obtención das subvencións que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol <https://www.ferrol.gal/> e deberán acompañarse da documentación complementaria de conformidade co establecido na Base 9 das Bases reguladoras que acompañan a esta convocatoria.

9.- Valoración

Realizarase, unha avaliación individualizada comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na convocatoria.

10.- Notificación e publicación

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 publicaranse para os efectos de notificación páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS.

11.- Recursos

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa e para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan relizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi